



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA 13 DE MAIO DE 2025

No salón de sesións da casa consistorial do Concello de Cambre, sendo as once horas e dous minutos do día trece de maio de dous mil vinte e cinco, e logo da oportuna convocatoria con especificación da orde do día a tratar, reúnese o Pleno municipal en sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Preside a sesión a Sra. alcaldesa, dona Diana Piñeiro Fernández, e asisten:

Polo grupo municipal de UxC:

D.^a MARÍA DOLORES PAN LESTA
D. DANIEL MALLO CASTRO
D. JUAN GONZÁLEZ LEIRÓS
D.^a MARÍA CARMEN PAN MATOS
D.^a MARÍA YOLANDA DÍAZ BALDOMIR
D. ÓSCAR TOMÁS BARRIENTOS MORALES
D.^a MÓNICA VARELA GERMADE (que se incorpora á sesión logo da súa toma de posesión, no momento que consta nesta acta)

Polo grupo municipal do PP:

D.^a PATRICIA ESTHER ESPIÑEIRA GALÁN
D. RUBÉN VÁZQUEZ PÉREZ
D. OMAR GONZALO LAMELA VÁZQUEZ

Polo grupo municipal do PSdeG-PSOE:

D. DIEGO ALCANTARILLA REI
D.^a MARÍA MERCEDES PRIETO LAMAS
D.^a PATRICIA MARÍA PARCERO QUIÑOY
D.^a ANA RODRÍGUEZ LÓPEZ

Polo grupo municipal do BNG:

D. DANIEL CARBALLADA RODRÍGUEZ
D.^a MARÍA TERESA PRIETO MIRAMONTES
D.^a NIEVES LOURO LÓPEZ

Polo grupo municipal do AV:

D. RAÚL VARELA FRAGUÍO
D. MANUEL CASTRO UZAL

Concelleira non adscrita:

D.^a MARÍA ELENA LAUDA FERNÁNDEZ

Asiste á sesión a interventora municipal, D.^a Lucía Mata Rodríguez, e dá fe do acto a secretaria xeral, D.^a Pilar María Pastor Novo.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.



De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 13 de maio de 2025, que, xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202505130902380000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que no punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 106 do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións plenarias, declara aberta esta sesión, pasándose ao estudo e exame do asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE FEBREIRO DE 2025, Á SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE MARZO DE 2025 E Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 9 DE ABRIL DE 2025

Acceso á videoacta – 00:00:33 horas

De conformidade co previsto no artigo 108.2 do Regulamento orgánico municipal, pola Presidencia pregúntase se existe algunha obxección ou observación ás actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2025, á sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2025 e á sesión extraordinaria do día 9 de abril de 2025, das que se entregou copia remitida coa convocatoria desta sesión.

Non producíndose intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria as actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2025, á sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2025 e á sesión extraordinaria do día 9 de abril de 2025, sendo aprobadas por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes.

Á vista do resultado da votación decláranse aprobadas as actas da sesión extraordinaria do día 20 de novembro de 2024 e da sesión ordinaria do día 28 de novembro de 2024.

2. XURAMENTO OU PROMESA E TOMA DE POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRA DE DONA MÓNICA VARELA GERMADE

Acceso á videoacta – 00:00:53 horas

Con permiso da Presidencia, intervén a Sra. secretaria quen dá conta da credencial expedida pola Xunta Electoral Central, con data 8 de maio de 2025, a prol da candidata electa Sra. Varela Germade, e informa que a candidata electa presentou na Secretaría da Corporación a declaración de bens patrimoniais e da participación en sociedades, e a declaración de actividades.

Cando son as once horas e catro minutos efectúase o chamamento á concelleira electa, dona Mónica Varela Germade, quen sube ao estrado e presta promesa manifestando que:

“Prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleira do Concello de Cambre con lealdade ao Rei, por imperativo legal, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.”

Realizada a promesa, toma posesión como concelleira do Concello de Cambre e incorpórase á sesión.



3. PROPOSTA RELATIVA Á MODIFICACIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

Acceso á videoacta – 00:02:22 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025 (CVD: QHgTCSW5ZRjhpUcVffs), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión extraordinaria de data 7 de maio de 2025, que transcrita di:

«PROPOSTA

Trala constitución da Corporación municipal, que tivo lugar na sesión plenaria do día 17 de xuño de 2023, creáronse, entre outras, con carácter preceptivo, as Comisións Informativas Permanentes, de conformidade co establecido no artigo 20.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, artigos 66, 67 e 68 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e artigos 78 a 85 e 134 a 142 do Regulamento orgánico municipal.

Na sesión extraordinaria do 11 de xullo de 2023, o Pleno municipal adoptou, entre outros, o acordo relativo á creación das Comisións Informativas

Na sesión ordinaria do Pleno municipal do 30 de novembro de 2023 acordouse a modificación da composicións das Comisións Informativas Permanentes, da Comisión Especial de Contas, da Comisión Especial de Honores e Distincións, e da Comisión Especial do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

E na sesión ordinaria realizada polo Pleno municipal en data 25 de abril de 2024 acordouse Modificar o acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria do 11 de xullo de 2023 polo que respecta á denominación e ás materias e asuntos que ditaminarían ás Comisións Informativas Permanentes.

Visto que segundo o artigo 124.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, debe procurarse que as comisións informativas permanentes se correspondan co número e denominación das grandes áreas nas que se estruturen os servizos corporativos.

Visto que por Resolución da Alcaldía núm.383/2025, do 25 de abril, acordouse reestruturar ás áreas de goberno.

Propónse ao Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Modificar o acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria do 11 de xullo de 2023, modificado por acordo de data 25 de abril de 2024 polo que respecta á denominación e ás materias e asuntos que ditaminarán ás Comisións Informativas Permanentes, pasando a ser as seguintes:

- COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, SEGURIDADE, URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS E MEDIO AMBIENTE. Ditaminará os asuntos relativos ás materias da área de Presidencia, Seguridade, urbanismo, obras, servizos e medio ambiente.
- COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO. Ditaminará os asuntos relativos ás materias da área de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico.
- COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS SOCIAIS, EDUCACIÓN, CULTURA, MOVEMENTO ASOCIATIVO, TURISMO, PATRIMONIO SANIDADE, DEPORTES E XUVENTUDE. Ditaminará os asuntos relativos ás materias da área de servizos sociais, educación, cultura, movemento asociativo, e da área de turismo, patrimonio, sanidade, deportes e xuventude



Segundo.- A adscrición concreta a cada comisión dos membros da Corporación que deban formar parte dela en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do seu voceiro dirixido á alcaldesa e presentado no rexistro de entrada do concello, do que se dará conta ao Pleno, podendo designarse un suplente por cada titular. O devandito escrito presentarase no prazo de cinco días hábiles contados desde a adopción deste acordo.

Terceiro.- Para todo o demais manterase en idénticos termos o acordo adoptado en sesión de data 11 de xullo de 2023, coa modificación efectuada o 30 de novembro de 2023.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen dá lectura extractada da proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025 (CVD: QHgTCSW5ZRjhpUcVffs), polo que devén en acordo nos termos transcritos.

4. PROPOSTA RELATIVA AO NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS

Acceso á videoacta – 00:05:02 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025 (CVD: u586zcbz5QS7kfC5qmjv), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión extraordinaria de data 7 de maio de 2025, que transcrita di:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno municipal, en sesións de datas día 11 de xullo de 2023 e 25 de abril de 2024 acordou, entre outros, os nomeamentos de representantes da Corporación en órganos colexiados, competencia do Pleno.

Vista a reestruturación do goberno municipal e vistas as delegacións xenéricas efectuadas por Resolución da Alcaldía de data 30 de abril de 2025, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Nomear representante do concello no Consorcio As Mariñas á alcaldesa D.^a Diana Piñeiro Fernández, e como suplente ao concelleiro D. Rubén Vázquez Pérez.

Segundo.- Nomear representante do concello na Xunta Xeral da sociedade Edar Bens, S.A., á alcaldesa D.^a Diana Piñeiro Fernández, e no consello de administración, ao concelleiro D. Rubén Vázquez Pérez.

Terceiro.- Nomear representante do concello na Comisión de Escolarización correspondente aos diferentes cursos, á concelleira D.^a Patricia Esther Espiñeira Galán.



Cuarto.- Nomear representante do concello nos seguintes consellos escolares á concelleira D^a Patricia Esther Espiñeira Galán como titular, e como suplente ao concelleiro don Omar Gonzalo Lamela Vázquez :

- Escola de educación infantil de Pravio
- CEIP Graxal (Graxal – O Temple)
- CEIP Portofaro (O Temple)
- CEIP Emilio González López (Brexo)
- CEIP Gonzalo Torrente Ballester (Sigrás)
- CEIP Wenceslao Fernández Flórez (Cambre)
- IES Afonso X O Sabio (A Barcala-Cambre)
- IES David Buján (Sigrás)

Quinto.- Nomear representante do concello no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade á concelleira D^a Patricia Esther Espiñeira Galán, e como suplente ao concelleiro D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

Sexto.- Nomear representante do concello no Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar á concelleira D^a Patricia Esther Espiñeira Galán e como suplente ao concelleiro D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

Sétimo.- Nomear representante do concello no Consello de participación das escolas infantís á concelleira D^a Patricia Esther Espiñeira Galán , e como suplente ao concelleiro D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

Oitavo.- Nomear representante do concello no Grupo de Acción Local do sector pesqueiro Golfo Ártabro Sur ao concelleiro D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez, e como suplente ao concelleiro D. Rubén Vázquez Pérez.

Noveno.- Nomear representante do concello no GDR-29 Asociación de Desenvolvemento Rural Mariñas-Betanzos ao concelleiro D.Omar Gonzalo Lamela Fernández , e como suplente ao concelleiro D. Rubén Vázquez Pérez.

Décimo.- Nomear representante do concello na Fundación Wenceslao Fernández Flórez á concelleira D^a. Patricia Esther Espiñeira Galán , e como suplente ao concelleiro D. Rubén Vázquez Pérez.

Décimo primeiro.- Nomear representantes da Corporación na Xunta Local de Protección Civil á alcaldesa D^a. Diana Piñeiro Fernández, ao concelleiro D.Rubén Vázquez Pérez, á concelleira D^a. Patricia Esther Espiñeira Galán e ao concelleiro D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen dá lectura á proposta.

Non producíndose máis intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Trece (13), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes, Louro López, Varela Fraguío e Castro Uzal.

Votos en contra: Ningún (0).

Abstencións: Oito (8), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales, Varela Germade e Lauda Fernández.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025 (CVD: u586zcbz5QS7kfC5qmjv), polo que devén en acordo nos termos transcritos.



5. PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE NOMEAMENTO DE INSTRUTOR NAS DILIXENCIAS PRELIMINARES Nº B29/2025 (EXPEDIENTE Nº ENJ2025/000056) INCOADAS POLO TRIBUNAL DE CONTAS

Acceso á videoacta – 00:07:37 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025 (CVD: mBoG5h9pLviSh1Xr28+x), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión extraordinaria de data 7 de maio de 2025, que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que en data 26 de marzo de 2025 tivo entrada no Rexistro xeral do Concello dilixencia do Tribunal de Contas (Expediente nº ENJ2025/000056 Dilixencia Preliminar nº B29/2025) coa documentación que achega e que di:

“DILIGENCIA DE ORDENACIÓN

En Madrid, a la fecha de la firma electrónica

Turnadas las presentes Diligencias Preliminares a la Consejera de Cuentas Excma. Sra. Doña Elena Hernández Salguero, mediante diligencia de reparto de fecha 18 de marzo de 2025, ÁBRASE la correspondiente pieza de Diligencias Preliminares, que se formará con la documentación que la acompaña.

*Las presentes Diligencias Preliminares se han incoado en virtud del **informe de la Intervención del Ayuntamiento de Cambre**, que fue remitido en cumplimiento de lo dispuesto en los artículos 5.2 del Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, regulador del Régimen Jurídico de Control Interno de las Entidades del Sector Público Local, en el que se hace referencia a **presuntas irregularidades en las cantidades abonadas a la Policía Local en concepto de gratificaciones durante los ejercicios 2020 a 2023.***

*Visto lo anterior, dese traslado del citado informe y documentación que lo acompaña, así como la documentación complementaria remitida por la Interventora el 24 de marzo de 2025, al **Ayuntamiento de Cambre** a efectos de que, en el **plazo de cinco días**, pueda **presentar las alegaciones y, en su caso, documentación**, que estime necesarias acerca de la procedencia de acordar el nombramiento de Delegado Instructor para que realice las funciones previstas en el artículo 47 de la Ley 7/1988, de 5 de abril, de funcionamiento del Tribunal de Cuentas, o bien el archivo de las presentes actuaciones, conforme a lo dispuesto en el artículo 46.2 de la citada Ley.*

Notifíquese la presente resolución, con la advertencia de que contra la misma cabe interponer recurso de reposición, ante este Letrado Secretario, en el plazo de los TRIBUNAL DE CUENTAS SECCIÓN DE ENJUICIAMIENTO DEPARTAMENTO 2º ENJUICIAMIENTO C/ Fuencarral 81. 28004-MADRID Tfños.: 91 447 87 01 / 91 592 09 00 TRIBUNAL DE CUENTAS cinco días siguientes a su notificación, de conformidad con lo previsto en el artículo 102 bis, apartado primero, de la Ley 29/1998, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso Administrativa, en relación con la Disposición Final Segunda, apartado segundo, de la Ley Orgánica 2/1982 del Tribunal de Cuentas.

Así lo acuerda y firma este Letrado Secretario al margen referenciado.”

Vistos os informes emitidos polo auxiliar de réxime interior de datas 2 de outubro 24 de outubro de 2024, e 11 de marzo de 2025, e os emitidos polo xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior de datas 7 de outubro, 17 de outubro de 2024, 12 de marzo de 2025 e 18 de marzo de 2025.

Visto que o informe do Xefe de Área de urbanismo e réxime interior de data 17 de outubro de 2024 fai referencia á existencia dun incumprimento notorio e xeneralizado por parte dos efectivos da policía local da xornada ordinaria anual de 1.751 horas nos exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023, e que como consecuencia do dito incumprimento as horas aboadas en nómina como extraordinarias (gratificacións) se corresponderían con horas ordinarias total ou



parcialmente,

Visto que de acordo co informe emitido pola Xefa da Unidade de Réxime Interior de data 24 de outubro de 2024 se abonaron un total de 632.758,09 € en concepto de gratificacións aos membros da Policía Local nos exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023.

Visto o informe emitido pola Unidade de réxime interior de data 11 de marzo de 2025 sobre o número de horas realizadas polo departamento da Policía Local e as gratificacións percibidas no período 2020-2023, no que se fan constar os importes presuntamente a devolver polo concepto gratificacións, por terse aboados a pesar do incumprimento da xornada ordinaria de traballo en cómputo anual, e que ascende á cantidade total de 565.022,45 €.

Visto o escrito emitido polo xefe da área de urbanismo e réxime interior de data 12 de marzo de 2025, no que no seu apartado Primeiro di : *“ Do informe elaborado o 2 de outubro de 2024 pola Unidade de Réxime Interior sobre o cumprimento da xornada laboral anual da Policía Local dedúcese un abono de “horas extra” sen cumprir debidamente a xornada laboral en computo anual polo que o término “importe presuntamente a devolver” recollido no informe sinalado no do pasado 11 de marzo, refírese ao importe das gratificacións extraordinarias indebidas, salvo erro ou omisión aritmético ou de cálculo involuntario”*

Visto que en relación á documentación remitida polo Tribunal de Contas en data 26/3/2025, pola Secretaria xeral do Concello emitiuse informe en data 27 de marzo de 2025 (CVD: 3XIKfyOJNxRngMv1HD78) no que, polo que respecta ao órgano competente para a adopción das alegacións, concluíu, con fundamento na normativa autonómica galega, que é Pleno da Corporación, toda vez que o artigo 64.2 I) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, atribúe ao Pleno, entre outras, a atribución relativa a) I) Ejercitar las acciones administrativas y judiciales”, polo que non establece limitación ou exclusión algunha por razón da materia.

Visto que o dito informe de Secretaría trasladouse á entón alcaldesa ese mesmo día 27 de marzo de 2025 .

Visto que, en contra do informado pola Secretaría xeral en canto ao órgano competente para formular as alegacións (informe reiterado por correo electrónico de data 1 de abril de 2025) a anterior alcaldesa remitiu en data 1 de abril de 2025 ao Tribunal de Contas escrito por ela asinado no que, alegando a existencia de procedemento penal e contenciosos administrativos, solicitou o arquivo das actuacións.

Considerando, polo que respecta ao alegado no dito escrito que, en canto á existencia de dilixencias penais, o artigo 18.1 da Lei Orgánica 2/1982, de 12 de maio, do Tribunal de Contas establece expresamente que a xurisdicción contable é compatible respecto duns mesmos feitos co exercicio da actuación da xurisdicción penal; e en canto aos recursos contencioso-administrativos aos que se referiu, estes interpuxéronse contra actos administrativos producidos por silencio administrativo que se corresponden cun período temporal posterior ao dos feitos comunicados ao Tribunal de Contas, resultando, en calquera caso que verbo de catro dos interpostos xa se ditaron en data 31 de marzo de 2025 catro sentenzas polo Xulgado do Contencioso administrativo número 3 de A Coruña, sentenzas que desestiman os ditos recursos e, polo tanto, as pretensións dos recurrentes.

Considerando ademais que conforme dispón o artigo 42 Uno da referida Lei orgánica do Tribunal de Contas serán responsables directos quenenes houberen executado, forzado ou inducido a executar ou cooperado na comisión dos feitos ou participado con posterioridade para ocultalos ou impedir a súa persecución.

Considerando que o Concello de Cambre debe actuar- como toda Administración Pública- con suxeición ao principio de legalidade e server con obxectividade os intereses xerais (artigo 103 da Constitución española).

Considerando a obriga deste Concello de protexer e defender o seu patrimonio, así como a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos (artigo 68 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

Considerando que, como sinala Fiscalía Xeral do Estado na Memoria 2020, capítulo II :Fiscalía do Tribunal de Contas, 3.6 Sentenzas do Tribunal Supremo. Análise da doutrina xurisprudencial: *“.....Resulta contrario a los principios del ordenamiento procesal contable y a la tutela judicial efectiva que un ente público, cuya legitimación*



exclusivamente deriva de ser perjudicado, actúe en defensa de los presuntos responsables que han generado el daño a las arcas públicas, ya sea en las denominadas diligencias preliminares, en actuaciones previas o en el proceso propiamente jurisdiccional. Tal confusión es inadmisibile".

Considerando que- utilizando a terminoloxía utilizada pola Fiscalía anteriormente exposta- é inadmisibile a actuación da anterior alcaldesa como representante do Concello solicitando ao Tribunal de Contas o arquivo das actuacións, sen someter o asunto á consideración do Pleno da Corporación e non actuando en defensa dos intereses xerais para esclarecer os feitos e determinar posibles responsables do dano presuntamente xerado ás arcas públicas municipais que ascende á cantidade de 565.022,45 €.

Considerando, polo exposto, que este Concello debe actuar en defensa do seu patrimonio, polo que a defensa do interés xeral reclama que se leven a cabo polo Tribunal de Contas as actuacións preliminares, designándose por dito órgano o instructor do procedemento, en orde a concretar os feitos presuntamente constitutivos de responsabilidade contable, os posibles responsables e o importe total dos danos e prexuízos producidos, pois a designación de delegado instructor é o presuposto procedemental para a realización das actuacións inspectoras relacionadas no artigo 47 da Lei de Funcionamento do Tribunal de Contas.

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Solicitar ao Tribunal de Contas que nomee instructor na dilixencia preliminar nº B29/2025 (Expediente nº ENJ2025/000056) ao obxecto de que se leven a cabo as actuacións pertinentes en orde a concretar os feitos presuntamente constitutivos de responsabilidade contable, os posibles responsables e o importe total dos danos e prexuízos producidos.

Segundo.- Remitir certificación deste acordo ao Tribunal de Contas.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen dá lectura extractada da proposta.

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sra. Alcantarilla Rei, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.

Abstencións: Sete (7), dos/a Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Ao producirse un empate efectúase unha nova votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.



Abstencións: Sete (7), dos/a Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parcerero Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Ao persistir o empate, de conformidade co establecido no artigo 118 do Regulamento orgánico municipal, decide o voto de calidade da presidenta, que manifesta que é a favor.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025 (CVD: mBoG5h9pLv1Sh1Xr28+x), que devén en acordo nos termos transcritos.

6. PROPOSTA RELATIVA Á COMPARECENCIA DO CONCELLO DE CAMBRE NAS DILIXENCIAS PREVIAS PROCEDIMENTO ABREVIADO 0001700/2024 QUE SE SUBSTANCIAN NO XULGADO DE INSTRUCCIÓN NÚMERO 3 DA CORUÑA

Acceso á videoacta – 00:17:31 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025 (CVD: LgG6iqimpXs7Sql12+75), que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión extraordinaria de data 7 de maio de 2025, que transcrita di:

«PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que no Xulgado da Instrución número 3 de A Coruña se sustancian as Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 0001700/2024 .

Considerando a obriga deste Concello de protexer e defender o seu patrimonio, así como a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos (artigo 68 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local.

Visto que a competencia para comparecer como acusación particular nas referidas dilixencias correspóndelle ao Pleno da Corporación dacordo co disposto no artigo 64.2 l) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia , precepto que atribúe ao Pleno, entre outras, a atribución relativa a" l) *Ejercitar las acciones administrativas y judiciales*" sen ningunha limitación nin exclusión por razón da materia.

Considerando, polo tanto, á vista do disposto no precepto da Lei autonómica citada que o escrito remitido pola anterior alcaldesa ao Xulgado en data 28 de febreiro de 2025 comunicando a non personación do Concello (núm. rexistro saída 20250000000668) carece de validez ao terse adoptado por un órgano manifestamente incompetente, sen someter ao Pleno Corporativo a decisión, cando , a parte de ser o competente segundo o precepto legal citado é este o máximo órgano representativo e o que ten atribuídas as funcións de fiscalización e control.

Considerando, ademais, que dado que o ordenamento penal tutela bens xurídicos de diversa índole, e que xunto a bens xurídicos individuais, protexe tamén "bens xurídicos colectivos", supraindividuais que afectan a todos os cidadáns no seu conxunto, entre os que se atopa o bo funcionamento da Administración , que é o interese xeral cuxa persecución se persigue.

Visto o disposto no artigo 110 da Lei de Axuízamento Criminal, que establece que:

"Las personas perjudicadas por un delito que no hubieren renunciado a su derecho podrán mostrarse parte en la causa si lo hicieran antes del trámite de calificación del delito y ejercitar las acciones civiles que procedan, según les conviniere, sin que por ello se retroceda en el curso de las actuaciones. Si se personasen una vez transcurrido el término para formular escrito de acusación podrán ejercitar la acción penal hasta el inicio del juicio oral adhiriéndose al escrito de acusación formulado por el Ministerio Fiscal o del resto de las acusaciones personadas.



Aun cuando las personas perjudicadas no se muestren parte en la causa, no por esto se entiende que renuncian al derecho de restitución, reparación o indemnización que a su favor puede acordarse en sentencia firme, siendo necesario que la renuncia de este derecho se haga en su caso de una manera clara y terminante."

Visto que o Tribunal Supremo, en sentenza 254/2023, de 13 de abril recoñece a lexitimación dun concello para ser acusación particular (referida a un delito de suborno) aínda que non exista repercusión económica lesiva para a Corporación, si se atacan directamente os intereses da Administración, intereses que- indica- non poden identificarse en exclusiva co estritamente económico, pois abarcan aspectos menos materiais como é o bo funcionamento da Administración, e por iso non cabe negar a súa condición de ofendido, aínda que só sexa polo dano reputacional que, como corporación municipal, puido padecer. Sinala a dita sentenza, entre outras cousas, que:

"(../...) Y en la STS 600/2014 de 3 de septiembre de 2014, apuntábamos que "el bien jurídico atacado por el delito de prevaricación son aquellas conductas del funcionario público o autoridad que no adecua su actividad a los parámetros de legalidad, objetividad e imparcialidad, en definitiva supone una actividad arbitraria y un abuso de poder que supone la negación de los principios que deben regir la función pública".

En el caso que nos ocupa, al margen los eventuales prejuicios que se pudieran derivar al Ayuntamiento por los hechos delictivos objeto de investigación, no podemos negar su condición de ofendido, aunque solo sea por el daño reputacional que, como corporación municipal, ha podido padecer porque, aprovechando las ventajas de ampararse en él quien es Concejal, dicta una resolución que atenta su propio interés y prestigio, con lo que, contemplado desde este punto de vista, hay una razón más para rechazar la queja por haberse admitido su personación como acusación particular.(../...)".

Considerando que, de acordo coa sentenza anteriormente citada, o Concello de Cambre está lexitimado pola condición de ofendido, aínda que so sexa polo dano reputacional que, como Corporación pode padecer, iso sen prexuízo doutros eventuais prexuízos

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.- Comunicar ao Xulgado de Instrución número 3 de A Coruña que a competencia para o exercicio de accións xudiciais está atribuída pola Lei de Administración Local de Galicia ao Pleno da Corporación, polo que a comunicación efectuada por quen foi alcaldesa en data 28 de febreiro de 2025 adoece dun vicio de invalidez por ser un órgano manifestamente incompetente para adoptar o acordo comunicado.

Segundo.- Comparecer o Concello de Cambre como acusación particular nas Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 0001700/2024 que se sustancian no Xulgado de Instrución número 3 de A Coruña.

Terceiro.- Dispoñer que pola alcaldía se proceda a designación, con carácter urxente de avogado ao efecto, solicitando orzamento aos seguintes Letrados: Xoán Antón Pérez Lema, Nuria Couceiro Gómez e Beatriz Seijo Méndez.

Cuarto.- Remitir certificación do presente acordo ao Xulgado de Instrución número 3 da Coruña.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Vázquez Pérez, quen dá lectura extractada da proposta.

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025, obténdose o seguinte resultado:



Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.

Abstencións: Sete (7), dos/a Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Ao producirse un empate efectúase unha nova votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.

Abstencións: Sete (7), dos/a Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Ao persistir o empate, de conformidade co establecido no artigo 118 do Regulamento orgánico municipal, decide o voto de calidade da presidenta, que manifesta que é a favor.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a proposta da Alcaldía de data 2 de maio de 2025 (CVD: LgG6iqimpXs7Sql12+75), que devén en acordo nos termos transcritos.

7. MOCIÓN DO BNG RELATIVA Á COMPARECENCIA DO CONCELLO DE CAMBRE NO PROCEDEMENTO DILIXENCIAS PREVIAS DPA DILIG. PREVIAS PROC. ABREVIADO 259/2023

Acceso á videoacta – 00:29:48 horas

A Presidencia somete a debate e consideración do Pleno a moción do BNG, que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Presidencia, Economía, Facenda, Innovación Tecnolóxica e Seguridade Cidadá, na sesión extraordinaria de data 7 de maio de 2025, que transcrita di:

«MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A PERSONACIÓN DO CONCELLO DE CAMBRE NO PROCEDEMENTO DILIXENCIAS PREVIAS DPA Dilig. Previas Proc. Abreviado 259/2023

Nº EXPEDIENTE 17/2023

XULGADO: INSTRUCCIÓN Nº 5 A CORUÑA

Tendo como sustento a presente proposición o INFORME RESUMEN DE CONTROL INTERNO DE INTERVENCIÓN REFEREN- CIA LMR_INFCON 2023 / 2024, onde se inclúe (en especial no Punto III) unha serie de afirmacións que dan sustento, coma por toda a Corporación é sabido, ás dilixencias previas referenciadas, achegamos o antecedente normativo que sitúa aos membros do pleno municipal nunha posición de ineludíbel responsabilidade:

Artigo 218 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Ley Reguladora de las Haciendas Locales (TRLRHL):

1.- El órgano interventor elevará informe al Pleno de todas las resoluciones adoptadas por el Presidente de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados, así como un resumen de las principales anomalías



detectadas en materia de ingresos. Dicho informe atenderá únicamente a aspectos y cometidos propios del ejercicio de la función fiscalizadora, sin incluir cuestiones de oportunidad o conveniencia de las actuaciones que fiscalice.

Lo contenido en este apartado constituirá un punto independiente en el orden del día de la correspondiente sesión plenaria.

El Presidente de la Corporación podrá presentar en el Pleno informe justificativo de su actuación.

Na sesión plenaria do 25/4/2024, na que se deu conta ao Pleno no punto 4.4 deste informe de control interno, a presidencia non presentou informe xustificativo das súas actuacións nin ofreceu explicacións sobre o contido no devandito informe; en especial no relativo as consideracións formuladas no "Punto III.2.1. b.1.1.2) Complemento de gratificaciones", onde se inidican, enumeran e explican de maneira tan clara coma completa unha serie de presuntas accións irregulares que, amén de seren potencialmente constitutivas de diversos delitos, poden supoñer, xustamente ademáis e entre outros danos, un quebranto do patrimonio municipal.

A defensa dos veciños e veciñas de Cambre, dos seus lexitimos intereses e os do seu Concello, dende o respecto e o cumprimento da legalidade, a xustiza e a transparencia deben, imperativamente, ser a maior motivación dos membros da corporación municipal no exercizo do seu cargo. É por iso que trasladamos a debate e aprobación do pleno a seguinte proposta, en favor do interese xeral dos veciños e veciñas de Cambre e moi concretamente na defensa do patrimonio público municipal cambrés que puido sufrir, segundo se deriva do informe referenciado, un perxuízo monetario que atentaría contra o haber económico do Concello.

Dende o respecto máis absoluto ao procedemento xudicial en curso e significando o absoluto valor da presunción de inocencia sobre calquer persoa potencialmente implicada nesta cuestión, coa necesaria personación do Concello na causa xudicial que trata destas presuntas anomalías estamos sendo responsables co contido no código Penal ao efecto das responsabilidades penais de Alcaldes e Concelleiros:

"Se establece en el art. 146 de la LRJAP y PAC, y viene determinada por tipificación de la conducta de que se trate en alguno de los delitos que el Código Penal incluye cuyo sujeto activo o autor pueda ser una autoridad, término éste que se define, a efectos penales, en el art. 24 del citado Código Penal.

Los delitos que pueden ser cometidos en el ejercicio de la función pública son los siguientes: (...)

Falsedades (Título XVIII) - Falsedades Documentales (Capítulo II) - Falsificación de documentos públicos, oficiales y mercantiles y de los despachos transmitidos por servicios de telecomunicación (Sección 1ª): arts. 390, 391, 394 - Falsificación de certificados (Sección 3ª): art. 398.

Delitos contra la Administración Pública (Título XIX) - Prevaricación de los funcionarios públicos y otros comportamientos injustos (Capítulo I) independencia del Estado (Capítulo II): art. 590.

La responsabilidad penal puede ser exigida por denuncia o querrela del ofendido o de cualquier persona ante el Juez competente o las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, o comunicada a la autoridad judicial o el Ministerio Fiscal para que adopte las actuaciones necesarias. Para su conocimiento y resolución es competente la Jurisdicción Penal. En el procedimiento que en su caso se tramite se podrá personar el perjudicado por la acción delictiva."

ACORDO:

- 1.-** Que o Concello de Cambre presente a súa personación como acusación particular na causa arriba indicada e con carácter urxente (habida conta de que se trata dun proceso xudicial xa en marcha no que se poden tomar decisións de calado con carácter inminente) designe avogado ao efecto, garantindo a necesaria existencia de crédito presupostario e solicitando orzamento a Xoán Antón Pérez-Lema, Nuria Couceiro Gómez e Beatriz Seijo Méndez.
- 2.-** Que se dea conta inmediata por parte da secretaría municipal do presente acordo ao xulgado de instrucción



número 5 da Coruña.»

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. presidenta concede o uso da palabra ao Sr. Carballada Rodríguez, quen dá lectura da moción.

Interveñen a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta, o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, o voceiro do PSdeG-PSOE, Sra. Alcantarilla Rei e o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez.

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a moción do BNG, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.

Abstencións: Sete (7), dos/a Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Ao producirse un empate, efectúase unha nova votación, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: Sete (7), dos/as Sres./as: Piñeiro Fernández, Espiñeira Galán, Vázquez Pérez, Lamela Vázquez, Carballada Rodríguez, Prieto Miramontes e Louro López.

Votos en contra: Sete (7), dos/as Sres./as: Pan Lesta, Mallo Castro, González Leirós, Pan Matos, Díaz Baldomir, Barrientos Morales e Varela Germade.

Abstencións: Sete (7), dos/a Sres./as: Alcantarilla Rei, Prieto Lamas, Parceros Quiñoy, Rodríguez López, Varela Fraguío, Castro Uzal e Lauda Fernández.

Ao persistir o empate, de conformidade co establecido no artigo 118 do Regulamento orgánico municipal, decide o voto de calidade da presidenta, que manifesta que é a favor.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a moción do BNG, que devén en acordo nos termos transcritos.

8. DACIÓN DE CONTA DO INFORME RESUMO DE CONTROL INTERNO DO EXERCICIO 2024, EMITIDO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

Acceso á videoacta – 00:50:15 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do informe resumo de control interno do exercicio 2024, emitido pola interventora municipal con data 25 de abril de 2025 (CVD: jof8ANluKvUb7Z5xWgq1).

Aberta a quenda de intervencións, intervén o voceiro do PP, Sr. Vázquez Pérez, a interventora municipal, Sra. Mata Rodríguez, o voceiro do BNG, Sr. Carballada Rodríguez, a voceira de UxC, Sra. Pan Lesta e a alcaldesa, Sra. Piñeiro Fernández.



9. DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE REPAROS FORMULADOS NO EXERCICIO 2024, EMITIDO POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL

Acceso á videoacta – 01:06:17 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación do informe de reparos formulados no exercicio 2024, emitido pola interventora municipal con data 25 de abril de 2025 (CVD: MXcQ8TZgXb2vvVtNSWxP).

10. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA EN MATERIA DE REORGANIZACIÓN DE ÁREAS, NOMEAMENTO DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DELEGACIÓNS XENÉRICAS A PROL DE TENENTES DE ALCALDESA

Acceso á videoacta – 01:06:31 horas

A Presidencia dá conta aos membros da Corporación das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía:

- Da Resolución da Alcaldía núm. 373/2025, do 25 de abril, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“Primeiro.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos/á seguinte/s señores/a concelleiros/a:

- Rubén Vázquez Pérez
- Patricia Esther Espiñeira Galán
- Omar Gonzalo Lamela Vázquez

Segundo.- Notificar persoalmente aos/á designados/a a presente resolución e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 383/2025, do 25 de abril, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“Primeiro: Reestruturar as áreas de goberno municipal, quedando estas coas denominacións e ámbito material que se relacionan a continuación, e que poderán ser obxecto dunha delegación xenérica nos termos do artigo 48 do Regulamento orgánico municipal:

ÁREA DE PRESIDENCIA, SEGURIDADE, URBANISMO, OBRAS, SERVIZOS E MEDIO AMBIENTE

- Coordinación das diferentes áreas municipais
- Comunicación interna e externa e protocolo
- Secretaría particular
- Información e atención á cidadanía
- Xestión de arquivos e rexistros
- Políticas transversais ou proxectos nos que interveñen varias áreas
- Responsabilidade patrimonial
- Todas aquelas materias non asignadas expresamente a outra área de goberno

No ámbito da seguridade:

- Xestión da seguridade cidadá, control e ordenación do tráfico en vías urbanas, emerxencias, protección civil e policía local

No ámbito do Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente:

- Xestión das competencias municipais sobre a ordenación do territorio e o urbanismo: planeamento, xestión urbanística, intervención administrativa e disciplina urbanística
- As actividades e facultades relacionadas coa promoción e xestión da vivenda de protección pública, con criterios de sustentabilidade financeira
- Punto de información catastral
- Actividades sometidas a licenza, comunicación previa e declaración responsable
- Outorgamento de licenzas para a ocupación do dominio público, a excepción daquelas que impliquen autorizacións para a venda ambulante
- Obras e infraestruturas urbanas: planificación e preparación dos plans de obras e infraestruturas municipais. Proxectos de obras municipais
- Xestión, mantemento e conservación dos servizos básicos municipais: ciclo da auga, residuos urbanos, limpeza viaria, iluminación pública, mantemento de vías públicas e infraestruturas urbanas, etc.
- Xestión, mantemento e conservación de parques, xardíns e zonas verdes
- Inspección e control dos servizos públicos e infraestruturas
- Xestión de políticas de medio ambiente: educación ambiental, investigación e avaliación, voluntariado ambiental, posta en valor e defensa de espazos naturais. Deseño, implementación, apoio, promoción e divulgación de plans e accións de sensibilización e concienciación

No ámbito da mobilidade:

- Transporte e mobilidade
- Taxis

ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN, RÉXIME INTERIOR E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO

No ámbito da economía e facenda:

- Elaboración, xestión e seguimento dos orzamentos municipais
- Facenda local e inspección de facenda
- Política fiscal. Preparación de ordenanzas fiscais e prezos públicos.

No ámbito da contratación:

- Contratación local. Xestión dos procedementos de contratación do concello
- Central de compras

No ámbito do réxime interior:

- Xestión do persoal do concello: selección de persoal, provisión de postos de traballo, prevención de riscos laborais, retribucións, premios e sancións, situacións administrativas e todas aquelas materias de competencia do alcalde susceptibles de delegación nesta área

No ámbito do desenvolvemento económico:

- Xestións dos plans de formación, emprego, programas e proxectos de cooperación, escolas obradoiro, plans de formación con organismos públicos que se veñen desenvolvendo ou que se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro



- Relacións con axentes sociais, emprendemento e potenciación da vida económica local, fixación de obxectivos e desenvolvemento de proxectos para a promoción de actividades económicas do Concello que se veñen desenvolvendo ou se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro
- Xestión das políticas municipais en materia de feiras, mercados, comercio e relación coas asociacións de empresarios e comerciantes

ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS, EDUCACIÓN, CULTURA E MOVEMENTO ASOCIATIVO

No ámbito dos servizos sociais:

- Competencias municipais en materia de prestación de servizos asistenciais aos cidadáns, a avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social
- Actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero.
- Xestión dos proxectos, programas, medidas e servizos que se veñen desenvolvendo de integración social, infancia, familia, políticas da muller, atención á terceira idade e políticas de igualdade, e que se poidan desenvolver, iso de conformidade co establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro
- No ámbito das políticas de acción voluntaria, os servizos e actividades que se veñen desenvolvendo ou que se poidan desenvolver a teor do establecido na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, no Acordo da Comisión Bilateral de Cooperación Administrativa xeral do Estado- Comunidade Autónoma de Galicia do 25 de febreiro de 2015 e no artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

No ámbito da educación:

- Xestión das políticas sobre competencias municipais educativas

No ámbito da cultura:

- Promoción da cultura e equipamentos culturais
- Programación cultural
- Exposicións culturais
- Rede de bibliotecas e programas de animación á lectura
- Xestión da utilización de instalacións e equipamentos culturais
- Espectáculos públicos
- Festas

No ámbito do movemento asociativo:

- Movemento asociativo, rexistro de asociacións, xestión de uso de locais polas asociacións veciñais
- Participación cidadá
- Xestión de políticas de información cidadá

ÁREA DE TURISMO, PATRIMONIO, SANIDADE, DEPORTES E XUVENTUDE

No ámbito do turismo:



- Xestión de políticas municipais en materia de promoción dos valores turísticos do concello

No ámbito do patrimonio:

- Xestión patrimonial do concello: inventario de bens, dereitos e obrigas, administración e defensa do patrimonio
- Mantemento e conservación de edificios e instalacións municipais
- Reclamacións por danos causados nos bens integrantes do patrimonio municipal
- Xestión do museo

No ámbito da sanidade:

- Políticas municipais de protección da salubridade pública
- Cemiterio municipal e actividades funerarias
- Centros públicos de saúde de titularidade municipal, tendo en conta o establecido para o efecto na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local e a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro

No ámbito do deporte:

- Promoción do deporte
- Cursos e escolas deportivas
- Relación cos clubs e asociacións deportivas
- Xestión da utilización de instalacións e equipamentos deportivos

No ámbito da xuventude:

- Información e asesoramento á xuventude
- Ocio e tempo libre

Segundo.- Corresponde á Alcaldía, a través da Área de Presidencia, a coordinación do funcionamento das áreas municipais, así como a resolución das cuestións que xurdan respecto da adscrición a unha área determinada dunha materia concreta.”

- Da Resolución da Alcaldía núm. 384/2025, do 25 de abril, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“Primeiro.- Nomear tenentes de alcaldesa e pola orde que de seguido se indica, aos/ás seguintes señores/a concelleiros/a membros da Xunta de Goberno Local:

Primeiro tenente de alcaldesa: Rubén Vázquez Pérez
Segunda tenente de alcaldesa: Patricia Esther Espiñeira Galán
Terceiro tenente de alcaldesa: Omar Gonzalo Lamela Vázquez

Segundo.- Corresponde aos/á nomeados/a substituírme, pola orde sinalada, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que me imposibilite para o exercicio das miñas funcións, así como desempeñar as funcións de alcalde/sa nos supostos de vacante da Alcaldía ata que tome posesión o/a novo/a alcalde/sa.

Terceiro.- Da presente resolución darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose, ademais, persoalmente aos/ás designados/as e publicarase no *Boletín Oficial da Provincia*, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao da data, conforme establece o artigo 46.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro e artigo 58.3 do Regulamento orgánico municipal.”



- Da Resolución da Alcaldía núm. 391/2025, do 30 de abril, cuxa parte dispositiva transcrita di:

“Primeiro: Delegar na Xunta de Goberno Local, como órgano colexiado, e cos efectos establecidos no artigo 74 do Regulamento orgánico municipal, as atribucións desta Alcaldía que a continuación se relacionan:

1. As competencias como órgano de contratación respecto de:

- os contratos de obras, de subministración, de servizos, de xestión de servizos públicos, os contratos administrativos especiais e os contratos privados cando o seu importe non supere o 10 por 100 dos recursos ordinarios do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere nin a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.
- a adxudicación de concesións sobre os bens da entidade local, salvo a concesión do dereito de uso privativo sobre urnas e cinseiros no cemiterio municipal, e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o seu valor non supere o 10% dos recursos administrativos do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.

Esta competencia delegada levará aparellada a de autorizar e dispoñer os gastos correspondentes contra partidas orzamentarias cuxa xestión lle corresponda, en virtude do establecido nos artigos 116.5 e 117.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e demais actos e trámites que, en xeral, a normativa vixente atribúe ao órgano de contratación.

Quedan reservadas á Alcaldía en materia de contratación:

- a dirección e xestión administrativa da contratación municipal, así como a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros IVE excluído, que corresponderán, de acordo coa delegación de competencias efectuada por esta Alcaldía, ao concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico
- e a revisión de oficio dos actos nulos

2. A aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no orzamento.

3. A devolución de garantías de todo tipo de contratacións e concesións que deriven de asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local.

4. A aprobación da oferta pública de emprego de acordo co orzamento e o cadro de persoal.

5. A aprobación dos instrumentos de desenvolvemento de planeamento xeral non atribuídos ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.

Segundo: De conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, corresponden a esta Alcaldía o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas no uso das facultades delegadas.

Terceiro: De conformidade co establecido no artigo 50 do Regulamento orgánico municipal, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta á Xunta de Goberno Local e ao Pleno municipal na primeira sesión que teña lugar, isto sen prexuízo de que a delegación efectuada a prol da Xunta de Goberno Local xurdirá efecto dende o día seguinte á data desta resolución.”



- Da Resolución da Alcaldía núm. 396/2025, do 30 de abril, cuxa parte dispositiva transcrita di:

Primeiro.- Conferir as delegacións xenéricas a prol dos/a tenentes de alcaldesa que a seguir se relacionan, para as áreas que igualmente se sinalan, co ámbito material reflectido na resolución de Alcaldía núm. 383/2025, do 25 de abril, de creación das áreas de goberno local:

- Delegación a prol de Rubén Vázquez Pérez, primeiro tenente de alcaldesa: a Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico
- Delegación a prol de Patricia Esther Espiñeira Galán, segunda tenente de alcaldesa: a Área de Servizos Sociais, Educación, Cultura e Movemento Asociativo
- Delegación a prol de Omar Gonzalo Lamela Vázquez, terceiro tenente de alcaldesa: a Área de Turismo, Patrimonio, Sanidade, Deportes e Xuventude

Segundo.- De conformidade co establecido no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, as delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcaldesa, e respecto da súa área, comprenden:

a) A delegación do exercicio das competencias que a esta Alcaldía lle son atribuídas e que poden ser delegadas a teor do establecido no artigo 21.1 e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, incluíndo a facultade de dirixir os servizos contidos en cada área, a facultade de xestionalos en xeral, así como a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. Inclúese expresamente a facultade de ditar as resolucións que procedan nos procedementos de execución forzosa dos actos administrativos ditados en uso da delegación conferida.

b) A concesión de subvencións a particulares en materias incluídas dentro do seu ámbito de delegación, de acordo co que dispoñan as normas en vigor e as bases de execución do orzamento.

c) O exercicio da potestade sancionadora nas materias comprendidas dentro da área de goberno.

d) A resolución das incidencias que poidan xurdir en relación coas peticións de acceso á información nos procedementos en trámite que correspondan a materias obxecto da delegación, xa sexan presentadas por particulares ou polos concelleiros/as.

e) A sinatura de propostas dirixidas á Alcaldía, ao Pleno ou á Xunta de Goberno Local, no seu caso.

f) A sinatura das certificacións que se deban emitir en relación coa tramitación dos procedementos, así como respecto das resolucións ditadas na súa respectiva área no exercicio da competencia delegada, en cumprimento da esixencia contida no art. 205 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e segundo o cal *“as certificacións expediranse por orde do presidente da corporación e co seu visto e praxe, para significar que o secretario ou funcionario que as expide e autoriza está no exercicio do cargo e que a súa sinatura é auténtica.”*

En canto ao seu contido material, as ditas certificacións serán emitidas na propia área segundo requira a tramitación de cada expediente en concreto, reflectirán integramente o texto do acordo ao que se refire, serán asinadas polo funcionario/a responsable da área, ou polo funcionario/a responsable da tramitación do expediente, e reintegraranse, no seu caso, de acordo coa respectiva ordenanza fiscal.

g) A sinatura das certificacións respecto do contido de documentos ou informes que se deban emitir en cada área.

En canto ao seu contido material, cando a certificación non se limite á reprodución dunha resolución ou documento, o xefe/a da unidade administrativa a quen corresponda a súa elaboración, emitirá un informe no que se recollan os datos sobre os que haberá de certificarse, e o contido da certificación reproducirá literalmente o contido do mencionado informe, con exposición da data de emisión e sinatura auténtica do funcionario/a informante.



A certificación irá asinada polo xefe/a da unidade ou polo funcionario informante, e reintegrarase, no seu caso, de acordo coa respectiva ordenanza fiscal.

h) A sinatura dos anuncios e edictos, así como a orde de remisión aos diarios oficiais e aos medios de comunicación, en relación cos asuntos propios da súa área.

i) A sinatura de comunicacións que se dirixan a autoridades ou organismos públicos así como a particulares, respecto dos servizos e actividades municipais relativos ás materias incluídas na área.

j) A sinatura dos impresos de solicitudes de subvencións, certificados e demais documentación que deba remitirse unha vez ditada a correspondente resolución polo concelleiro/a delegado/a de cada área.

Terceiro.- Respecto das materias incluídas na Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico, establecer que:

- en canto á materia de contratación local, a delegación comprende a dirección e xestión administrativa da contratación municipal, así como a competencia para autorizar e dispoñer os gastos correspondentes aos contratos menores de contía inferior a 6.000 euros IVE excluído e as demais facultades incluídas no apartado anterior, letras b) a j).
- en canto ao ámbito de Réxime Interior queda reservada a esta Alcaldía a aprobación da oferta pública de emprego de acordo co orzamento e o cadro de persoal, para a súa posterior delegación á Xunta de Goberno Local

Cuarto.- A Alcaldía asumirá directamente a dirección da Área de Presidencia, Seguridade, Urbanismo, Obras, Servizos e Medio Ambiente, o exercicio das competencias relacionadas coas materias atribuídas á dita área e, en xeral, e de xeito residual, os servizos e actividades e aquelas funcións que non estean asignadas a unha concreta área de goberno.

Así mesmo, queda reservada a esta Alcaldía:

- O recoñecemento e liquidación de obrigas, a ordenación do pago e o pagamento material, así como a aprobación das contas xustificativas dos fondos librados "a xustificar" e dos "anticipos de caixa fixa".
- A competencia para a aprobación das certificacións de obra expedidas polo director facultativo.
- A sinatura de convenios.

Quinto.- A Alcaldía conserva as facultades de tutela que se transcriben a seguir:

- a) A de recibir información detallada da xestión da competencia delegada e dos actos ou disposicións enumerados en virtude da delegación.
- b) A de ser informado previamente a que se adopten decisións de transcendencia.
- c) O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a resolución dos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra as resolucións ditadas en uso das facultades delegadas, isto de conformidade co establecido no artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Sexto.- De conformidade co establecido no art. 50.2 do ROM, a delegación requirirá, para ser eficaz, a súa aceptación por parte do concelleiro/a delegado/a. Enténdese aceptada tacitamente se no termo de tres días hábiles contados dende a notificación persoal, o concelleiro/a non fai manifestación expresa ante o alcalde de que non acepta a delegación, todo iso sen prexuízo da preceptiva publicación do *Boletín Oficial da Provincia*, e da debida comunicación ao Pleno na primeira sesión que teña lugar.

As delegacións, unha vez aceptadas, entenderanse vixentes mentres non sexan revogadas expresamente ou o órgano delegante avoque para si algún asunto concreto na forma establecida pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



Nos documentos que deban firmar os/a concelleiros/a delegados/a no exercicio da delegación farase constar a data da Resolución de Alcaldía pola que se efectuou a delegación.

Sétimo.- Notifíquese persoalmente aos/ás concelleiros/as, publíquese no Boletín Oficial da Provincia, e déase conta ao Pleno na seguinte sesión que teña lugar.”

11. DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DE UXC RESPECTO DA DESIGNACIÓN DE VOCEIRA DO GRUPO MUNICIPAL

Acceso á videoacta – 01:06:52 horas

- Do escrito presentado polos sete concelleiros e concelleiras integrantes de UxC, rexistrado de entrada ao núm. 202599900002431 o día 26 de abril de 2025, polo que designan como voceira titular do grupo á concelleira María Dolores Pan Lesta.

12. DACIÓN DE CONTA DO ESCRITO DO PP RESPECTO DA DESIGNACIÓN DE VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL

Acceso á videoacta – 01:07:02 horas

- Do escrito presentado polos catro concelleiros e concelleiras integrantes do PP, rexistrado de entrada ao núm. 202500000002212 o día 6 de maio de 2025, polo que designan como voceiro titular do grupo ao concelleiro Rubén Vázquez Pérez, como suplente 1^a á concelleira Patricia Esther Espiñeira Galán, e como suplente 2^o a Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as doce horas e dez minutos do mencionado día, redactándose de todo iso a presente acta do que eu, secretaria, dou fe.

V^o e prace
A presidenta
(Asinada dixitalmente)
Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral
(Asinada dixitalmente)
Pilar María Pastor Novo